

O TRATAMENTO DOS EMPRÉSTITOS: UNHA PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Xusto A. Rodríguez Río

Servicio de Normalización Lingüística. Universidade de Santiago de Compostela

A existencia do empréstito entendido, ben como o proceso que permite a un idioma ampliar o seu corpus léxico recorrendo a unidades doutros sistemas lingüísticos, ou ben como cada unha das unidades léxicas que se trasladan duns idiomas a outros, é tan antiga coma a das linguas, e está directamente vencellada ás relacións económicas, políticas, sociais e culturais que se manteñen entre as sociedades.

Así, se nun momento determinado da historia un pobo figura na vangarda de calquera rama da ciencia ou da técnica vai transmitirllr ós outros, xunto coas súas innovacións e descubrimentos, a forma na que os denomina (obsérvese como o léxico da música é basicamente italiano; o da cociña, francés e o da informática, inglés, por poñer só uns exemplos).

A partir dos anos 40 deste século é a sociedade anglosaxona, fundamentalmente a norteamericana, a que vén converténdose en hexemónica a nivel mundial. Se unimos a isto o progreso acelerado da técnica, da ciencia e dos medios de comunicación de masas, chegamos a unha situación como a actual, na que o fenómeno do empréstito (fundamentalmente o anglicismo) está adquirindo unha importancia antes descoñecida. Para facerlle fronte, a maior parte das linguas adoptaron algún tipo de estratexia coa que regular a entrada de unidades estranxeiras nos seus sistemas léxicos.

No caso do galego, controlar e depurar a entrada indiscriminada de empréstitos no seu corpus é dobremente necesario xa que á presión a que o somete o inglés hai que engadirlle tamén a do castelán. A pesar diso, non existen na actualidade unhas liñas de actuación definidas que expoñan uns criterios coherentes e estables nos que apoiarse á hora de aceptar ou rexeitar formas alleas e, de ser o caso, de determinar baixo qué aparencia se van aceptar.

Neste traballo preséntase unha primeira proposta, elaborada a partir de estudos individualizados sobre o tratamento dos empréstitos en catro traballos: no *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG)*, no *Diccionario de dúbidas da lingua galega*

(DDLG), no *Vocabulario dos deportes (VD)* e no artigo “Glosario de anglicismos: propostas de traducción e adaptación” (GA)¹.

1. O EMPRÉSTITO

O empréstito, que non é máis ca un subtipo de neoloxismo, se o analizamos desde unha perspectiva sincrónica, non debe estudiarse como un bloque homoxéneo, senón que resulta máis práctico establecer unha subdivisión entre “empréstitos propiamente ditos” e “calcos”.

Os primeiros son aquelas unidades léxicas que se integran nun idioma conservando o significante que posuían na lingua da que partiron. Se este non sufriu ningunha alteración reciben o nome de “estranxeirismos”; se o van acomodando pouco a pouco ás pautas fonéticas e morfolóxicas do sistema que as acolle, denomínanse “adaptacións”.

Os calcos só conservan no seu traslado o significado da unidade estranxeira. Para representar o significante pódese reutilizar un que xa existía con anterioridade na lingua de acollida (“calcos semánticos”) ou crear un novo de carácter complexo partindo da combinación doutros xa existentes (“calcos léxicos”).

Vémolo con exemplos no seguinte esquema:

a) Empréstitos propiamente ditos

a.1) Estranxeirismos

Ex.: copyright, coulomb, maharajah, rock and roll, smóking, underground, zoom...

a.2) Adaptacións

Ex.: bulevar (francés *boulevard*), búmeran (inglés *boomerang*), fútbol (inglés *football*), lasaña (italiano *lasagna*), mitin (inglés *meeting*), secreter (francés *secrétaire*), xampú (inglés *shampoo*)...

b) Calcos

b.1 Calcos semánticos

Ex.: abertura (na súa acepción musical a imitación do francés *ouverture*), campo (na súa acepción informática a imitación do inglés *field*), canle (como termo do mundo da comunicación audiovisual seguindo o inglés *channel*), gancho (empregado na linguaxe do baloncesto copiando o modelo do inglés *hook*)...

b.2 Calcos léxicos

Ex.: altofalante (inglés *loud-speaker*), arcobotante (francés *arc-boutant*), auga-forte (italiano *acqua forte*), balonmán (inglés *handball*), disco duro (inglés *hard disk*), electrochoque (inglés *electroshock*)...

¹ Se este traballo se elaborase en 2003, as obras analizadas serían, con seguridade, outras. Con todo, estudos realizados sobre obras máis recentes (vid. Rodríguez Río, 2003) amosan que as liña xerais que aquí se presentan seguen tendo validez.

2. CONCLUSIÓN DA ANÁLISE

Non imos expoñer aquí polo miúdo a análise realizada a cada unha das obras, pero o seu estudio comparativo permite concluír que as catro actúan sobre os empréstitos dun modo semellante, de tal xeito que as súas grandes liñas e os seus presupostos básicos poden considerarse comúns. Os máis importantes son:

Purismo moderado na admisión de empréstitos

Non se apoia unha entrada indiscriminada que poña o léxico galego á mercé doutros idiomas moito máis potentes, pero tampouco se defende unha reacción purista que lles peche as portas ás formas estranxeiras. O empréstito vese como un xeito máis entre outros de enriquecer o léxico dunha lingua: só é necesario utilizalo con prudencia e evitar que unidades así acollidas suplanten a outras propias e xa instaladas.

Defensa da ampliación planificada do léxico galego

Como norma xeral, o argumento que parece xustificar a entrada dun empréstito no corpus do galego vai ser a necesidade dunha nova denominación e non o feito de que o seu uso estea moi estendido. Así, nas obras analizadas atopamos formas moi empregadas na fala diaria que non se consideran apropiadas para formar parte da norma léxica do galego como por exemplo “*stress” (*VOLG*), “*footing” (*DDLG*), “*ticket” (*GA*) ou “*pinchar” (*VD*).

Aceptación de formas fortemente instaladas no idioma (excepto os castelanismos), aínda que deberan rexeitarse cun criterio lingüístico

A pesar do afirmado no punto anterior, os catro traballos manteñen unha visión pragmática e recoñecen a imposibilidade de modificar certos usos moi asentados, aínda que desde un punto de vista teórico facelo estivera máis ca xustificado. É esta a razón que explica a conservación de denominacións como “show” (*VOLG*), “picnic” (*DDLG*), “stock” (*GA*) ou “ranking” (*VD*) que se superpoñen a palabras galegas vivas (“espectáculo”, “merenda” ou “xira”, “existencias” e “clasificación”, respectivamente); e tamén por eso se admite “bechamel” ou “fetiche” (*VOLG*) aínda que o *-ch-* do francés pasa polo xeral ó galego como *-x-* (“xefe”, “clixé”...).

A adecuación á estrutura do galego (por medio da adaptación ou do calco) como forma máis habitual de integración

Non seguen esta tendencia unha serie de unidades que se manteñen como estranxeirismos por diversas razóns:

- por harmonización coas linguas veciñas (as “palabras internacionais”): “mezzosoprano” (*VOLG*), “roentgen” (*DDLG*), “sandwich” (*GA*), “rally” (*VD*)...
- por aludir a referentes propios dun dominio cultural concreto, que son importados sen ningunha modificación polos outros idiomas (os “xenismos”): “abertzale” (*VOLG*), “perestroika” (*DDLG*), “sheriff” (*GA*), “maglia” (*VD*)...

- por tratarse de formas lingüisticamente non necesarias, que non se adaptan para dificultar a súa integración e potenciar unha palabra propia (os “estranxeirismos de luxo”): “sponsor” (*VOLG*), “picnic” (*DDLG*), “pedigree” (GA), “just” (*VD*)...

Das dúas formas de darlle a un empréstito aparencia galega, a adaptación vai ser a máis utilizada porque o emprego do calco esixe que o signo que se quere denominar formara o seu significante no idioma estranxeiro reutilizando un ou varios xa existentes. E esixe sobre todo, que os falantes se dean conta da identidade que existe entre ese significante que foi empregado de novo e unha forma da lingua receptora.

Seguimento da pronuncia como padrón primordial á hora de adaptar un empréstito, dándolle á grafía unha importancia secundaria

As catro obras analizadas comparten unha serie de adaptacións case sistemáticas de secuencias vocálicas e consonánticas (francés *-ou-* > galego *-u-*, francés *-au-* > galego *-o-*, inglés *-ee-* > galego *-i-*; inglés *-sh-* > galego *-x-*; italiano *-gli-* > galego *-ll-*...). A pesar diso, as diverxencias nalgúns puntos –emprego habitual ou ocasional de vocais de apoio– provocan que o grao de galeguización que se logra nos empréstitos adaptados sexa diferente dunhas obras a outras: o *DDLG* é o que vai máis alá, o *VOLG* non aposta por esta innovación e os outros dous traballos sitúanse nunha posición intermedia, alternando solucións moi arriscadas con outras moito máis conservadoras.

Pola contra, as maiores diferencias aparecen á hora de aplicar estas pautas a cada exemplo concreto. Non resulta estraño ver cómo un mesmo empréstito é integrado de xeito distinto en dúas ou máis das obras analizadas, poñendo así de relevo unha falta de congruencia e unha descoordinación que é preciso atallar. Podemos ver algúns casos neste cadro.

<i>VOLG</i>	<i>DDLG</i>	<i>VD</i>	GA
allegro	alegro		
bechamel	bexamel		
bikini	biquini		
brandy	brandi		brandi
crack, crac	crash		crac
cricket	críquet		crícket, críquet
croissant	cruasán		
cuplé	*cuplé>copla		
foulard	fular		
frac	fraque		
geyser	guéiser		
hóckey	hóquei		hockey
jockey	*jockey>xinete, cabaleiro		jockey
rallye	rali	rally	rallye
sherif	sherif, sheriff		sheriff, sherif, xerif, xerife
smóking	esmoquin		esmóquin, smoking
stock	*stock>provisións, fornecemento		stock
*stress>tensión	estrés		*stress > sobrefatiga, tensión nerviosa
violoncello	violonchelo		
vodka	vodca		

3. PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Tomando como base a análise desas catro obras, e apoiándonos en traballos semellantes realizados para linguas veciñas (Termcat, 1990, para o catalán; Gutiérrez Rodilla, 1995, para o castelán) presentamos a continuación unha proposta de tratamento dos empréstitos que quere contribuír á solución dos dous problemas seguintes:

- a) Saber cándo é preciso aceptar un empréstito no corpus léxico do galego.
- b) Saber cál dos procedementos de integración (estranxeirismo, adaptación, calco) se debe aplicar nos casos en que é necesario aceptalo.

3.1 Integración / Non integración

Como norma xeral, unha forma procedente doutra lingua só debe entrar no galego cando sexa tamén novo o concepto que nomea. De non ser así, débese potenciar a denominación propia, independentemente de que estea viva na fala ou de que se recupere do fondo arcaico ou dialectal.

Aplicando estes principios podemos desbotar formas como “*affaire”, “*chef” ou “*hall” que suplantán a “asunto”, “xefe de cociña” ou “vestíbulo” respectivamente, e así mesmo recuperar outras como “titor”, “axuda de custo” ou “derregar” para substituír a “*tutor”, “*dieta” ou “*deslindar”.

Este precepto xenérico está condicionado por dous factores:

- A dificultade de determinar a “novidade” dunha unidade concreta

Algúns empréstitos distínguense de formas galegas unicamente por pequenos matices de contido; esa proximidade fai que nalgunhas das obras analizadas se considere pertinente a integración mentres que noutras se opte por estender o significado da unidade propia. Como se ve no cadro superior, palabras como “cuplé”, “jockey”, “stock” ou “stress” sofren esta indeterminación.

Estes casos dubidosos deberían dirimirse por medio da intervención dos organismos dotados de capacidade normativa no terreo lingüístico (nomeadamente a Real Academia Galega) que harmonizarían as solucións diverxentes, validando e difundindo aquela que se considerara máis apropiada.

- A fonda instalación no idioma dalgúns empréstitos superfluos

Anteriormente indicamos que os catro traballos estudados conservaban empréstitos innecesarios atendendo ó seu asentamento na lingua (“sponsor”, “picnic”, “pedigree”...). Igual que ocorría no punto anterior, o concepto “asentamento” é subxectivo de máis e pode ser interpretado de maneira distinta nunhas obras e noutras; por iso sería bo contar con algúns indicadores obxectivos nos que apoiarse. Louis Guilbert estableceu tres criterios de importancia decrecente para indicar o grao de asentamento dun empréstito: que cree unha serie derivativa propia na lingua que o acolle (criterio morfosintáctico); que vaia adquirindo novos valores semánticos (criterio semántico); e que a pronuncia se vaia adaptando cada vez máis á da lingua receptora (criterio fonético).

Ningunha destas dúas restriccións será aplicable ós castelanismos, que se van evitar por medio da extensión semántica de unidades galegas, independentemente da súa “novidade” e da súa “instalación”. Só se van aceptar se a forma castelá foi acollida con anterioridade polas outras linguas do noso arredor (“armadillo”, “flotilla”, “ladrillo”...) ou cando se trata de “xenismos” (“banderilla”, “manzanilla”, “pasacalle”...)

3.2. A integración

3.2.1. A integración do significado: o calco

En principio, vaise recorrer ó calco cando o signo que se quere integrar se formou no idioma prestador aproveitando un ou varios significantes xa existentes. É o que ocorre con “rato” na súa acepción informática (en inglés *mouse*), con “altorrelevo” (en francés *haut-relief*) ou con “rañaceos” (en inglés *sky scraper*).

Pero de novo vai haber que afrontar unha serie de restriccións que limitan a aplicación deste mecanismo:

- Os falantes deben ser conscientes da relación que existe entre a denominación da lingua prestadora e un significante da lingua propia.

Por isto, o calco vai ser máis habitual nas unidades que entran nun idioma a través de dominios técnicos ou científicos, máis planificados, ca nas que entran a través da cultura de masas.

- Vai ser máis fácil que o calco se produza se o signo ó que se lle vai reutilizar o significante e o que se vai crear con esa reutilización pertencen a dominios distintos.

Se os dous conceptos están moi próximos, denomínanos da mesma maneira pode xerar confusións. Por iso parece difícil que callen propostas como a de substituír “*stress” por “tensión”, feita no *VOLG*, tendo en conta que a forma galega é ademais, en medicina, sinónimo de “presión arterial”.

- Debe haber algunha relación entre os referentes “antigo” e “novo”.

Este vínculo pode existir, ben en sentido recto (comparten características físicas como no caso de “altorrelevo”), ben desde un punto de vista figurado ou metafórico (detéctase algún tipo de afinidade que leva a estender a denominación do primeiro ó segundo, como acontece con “rañaceos” ou “rato”).

3.2.2. A integración do significante: o estranxeirismo e a adaptación

Recórrese a este sistema cando o signo que se integra se formou na lingua prestadora asociando un significante novo a un significado determinado. En principio, débese apostar pola adaptación, pois así acomódase a denominación importada ás pautas fónicas e morfolóxicas do galego.

Agora ben, parte destes empréstitos van entrar no corpus do galego como estranxeirismos, é dicir, mantendo unha grafía e unha pronuncia estrañas á estrutura deste sistema lingüístico. Non se intervén sobre eles por distintas razóns:

- Porque denominan realidades que pertencen en exclusiva a outros sistemas económicos, políticos, sociais ou culturais, polo que non se deben considerar em-

préstitos en sentido estricto. Son os que máis arriba denominamos “xenismos” (“abertzale”, “ikurriña”, “kibbutz”, “maharajah”...).

- Para manter a forma concreta coa que se estenderon por todas ou a maior parte das linguas do noso arredor, ofrecendo así solucións harmónicas. Denomínanse habitualmente “palabras internacionais” (“hippy”, “jazz”, “leitmotiv”, “windsurf”...).
- Porque proceden de marcas rexistradas, o que as somete a unha serie de restricións legais que impiden a súa adaptación. É unha tendencia que polo momento os traballos galegos non están tendo en conta (“maicena”, procedente da marca *maizena*; ou “skai” procedente de *skay*) en contra do que se fai en idiomas próximos como o catalán (Vid. Termcat, 1990).
- Porque derivan dunha base toponímica ou antroponímica (“kantismo”, “keynesiano”, “saharai”, “shakespeariano”...).

A adaptación é unha especie de caixón de xastre no que se recolle todo aquilo que, por diversas razóns, non foi integrado seguindo ningún dos outros dous mecanismos. Así, na práctica intégranse deste xeito, desde formas de luxo que se conservan en función da súa antigüidade e da súa instalación (“bisté”, “bucle”, “peluche”...) ata palabras que deberían acomodarse por calco pero que non o fixeron por algunhas das razóns que vimos antes (“filme”, “fútbol”, “neceser”, “volován”...). De tódolos xeitos a meirande parte dos empréstitos tratados desta maneira son estranxeirismos que van perdendo a súa condición de tales a medida que se van asentando no galego.

Agora ben, se antes vimos que a interpretación de criterios subxectivos como “novidade” ou “instalación” podía provocar que unidades consideradas necesarias nuns traballos foran entendidas como superfluas noutros, o mesmo vai ocorrer co criterio “gra de estranxeiría” que determina se unha forma particular debe ser adaptada ou non.

Así, por exemplo, mentres para os autores do *VOLG* palabras coma “lord”, “sake” ou “vodka” seguen sendo xenismos que non se deben adaptar, no *DDLG* opínase que a súa instalación no galego xustifica a acomodación gráfica en “lor”, “saque” e “vodca”. Do mesmo xeito, mentres na primeira obra se mantén “geyser”, “judo” e “whisky” ó consideralas palabras internacionais, na segunda deféndese “guéiser”, “iudo” e “uisqui”.

A pesar do dito, hai unha serie de factores que si inflúen á hora de decidir se un termo vai ser adaptado ou non. Os dous máis destacados son:

- O nivel de lingua ou o campo semántico no que os empréstitos se integren. É moi doado observar como nalgúns dominios, por exemplo o da gastronomía, o número de adaptacións vai ser moito maior ca noutros máis relacionados coa ciencia e a técnica, como por exemplo a física.
- O feito de que a hipotética adaptación deforme moito a aparencia do empréstito. Probablemente esta sexa a razón que explique o mantemento de moitos dos “termos internacionais”: exemplos como “jazz”, “sandwich”, “whisky”... que pola súa instalación poderían adaptarse, pero que verían moi alterada a súa aparencia externa.

Cando a adaptación se leva a cabo, séguense habitualmente unha serie de equivalencias, tanto no vocalismo como no consonantismo, que permiten regularizar en certa medida o proceso integrador. As máis importantes son:

Vocalismo

francés	galego	inglés	galego
-ai-	-e-	-ee-	-i-
-ou-	-u-	-oo-	-u-
-au-	-o-	-y-	-i-
-eau-	-o-	-ball	-bol
-y-	-i-	-ai-	-e-
-eu-	-e-		

Consonantismo

francés	galego	inglés	galego
-k-	-c+a, o, u-; -qu+e, i-	-k-, -ck-	-c+a, o, u-; -qu+e, i-
-j-	-x-	-j-	-x-
-g+e, i-	-x-	-sh-	-x-
-z+e, i-	-c+e, i-	-g+e, i-	-x-
-gn-	-ñ-	-ng	-n
-ph-	-f-		

alemán	galego	ruso	galego
-k-	-c+a, o, u-; -qu+e, i-	-k-	-c+a, o, u-; -qu+e, i-
-z+e, i-	-c+e, i-	-sh-	-x-

xaponés	galego	éuscaro	galego
-k-	-c-	-k-	-c+a, o, u-; -qu+e, i-
		-tx-	-ch-

árabe	galego	italiano	galego
-q-	-c-	-qua-	-cua-
-š	-x-	-che-, -chi-	-que-, -qui-
-m	-n	-g+e, i-	-x-
		-ci-	-ch-
		-z+e, i-	-c+e, i-
		-gn-	-ñ-
		-gli-	-ll-

castelán	galego	catalán	galego
-j-	-x-	-j-	-x-
		-tg-	-x-
		-tx-	-ch-

A proposta que vimos de presentar nas liñas anteriores pretende unicamente destacar a necesidade de poñer couto ás vacilacións que aparecen nas obras lexicográficas e terminolóxicas en galego, que poden chegar a minar a confianza que nelas depositan os usuarios, e ofrecer unha pautas –por suposto abertas e susceptibles de mellora– a partir das que buscar a harmonización no tratamento dos empréstitos.

BIBLIOGRAFÍA

- Constenla Bergueiro, G., “Glosario de anglicismos: propostas de traducción e adaptación”, *Boletín de Administración e Lingua* nº 2, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, 1994, pp. 10-14.
- Fernández Salgado, B. et alii, *Diccionario de dúbidas da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 1991.
- Guilbert, L., *La créativité lexicale*. Paris, Larousse, 1975.
- Gutiérrez Rodilla, B., “Terminología, lenguaje y pensamiento científico” (relatorio), Curso de verán *La terminología en las lenguas de España*, Santander, UIMP, agosto de 1995.
- ILG [Instituto da Lingua Galega] / RAG [Real Academia Galega], *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, [1989].
- Novo Folgueira, P., *Vocabulario dos deportes*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Política Lingüística, 1988.
- Rodríguez Río, X., “Os préstamos na produción lexicográfica, terminográfica e enciclopédica galega actual”, in Álvarez de La Granja, M.^a e González Seoane, E. X. (eds.), *A estandarización do léxico*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 2003, pp. 419-446.
- Termcat [Centro de Terminoloxía Catalana], *Manlleus i calcs lingüístics en els treballs de terminologia catalana*, Barcelona, 1990.